

Jacarandá · Shiriagari
Kotobuki · Dolmen,
2008 · 320 páx ·
16 euros



SHIRIAGARI KOTOBUKI narra en *Jacarandá* unha historia de destrución, próxima á ciencia ficción, que ten como feito central a aparición dun xigantesco *jacarandá*, árbore subtropical propia de Sudamérica, no centro de Tokío. Esa é, sen máis, a trama dunha obra que, malia a sinxeleza da presentación, se estende ata trescentas páxinas conseguindo sorprendentemente manter a atención do lector. Para lograr isto, o autor sérvese dunha narración fragmentada en diversos puntos de foco que leva ao lector a percorrer distintos lugares da cidade a medida que o caos e a destrución provocados pola árbore van en aumento. A este recurso únese a ausencia de personaxes protagonistas singulares, sendo a propia árbore e a devastación os verdadeiros protagonistas, de modo que a través de mínimos trazos toda a cidade aparece representada ao longo do cómic. Constrúese así unha narración case sen diálogos, chea de explosións, incendios e outras catástrofes que se van sucedendo a medida que a árbore medra. Todo isto nun clima que o debuxo sucio e roto de Kotobuki reforza con fonda expresividade. Pero aínda que o poida parecer *Jacarandá* non é só unha historia de destrución. Como o propio Shiriaga-



Viñetas de *Jacarandá*. // **S. Kotobuki**

ri explica no prólogo, é tamén unha historia de renacemento. Despois da devastación provocada polo súbito crecemento da árbore, a imaxe do florecemento da mesma constitúe un novo comezo para a civilización. E xustamente esa é a mensaxe de esperanza que Kotobuki quere transmitir. // **M. L.**